

UNIÓN EUROPEA
FONDO EUROPEO

“O FSE inviste no teu futuro”

O Plan de Inclusión social, o conforman os programas Ferrol Acolle e Ferrol Cidade Inclusiva ,cofinanciados polo Fondo Social Europeo no marco do programa operativo FSE Galicia 2014-2020.

Ferrol Acolle, atende as persoas sen fogar traballando na diagnose individual, o acompañamento para a mellora da empregabilidade e a transición á vida autónoma elaborando un itinerario personalizado de inserción sociolaboral e levando a cabo as actuacións necesarias. Conta cunha traballadora social, unha educadora familiar e unha orientadora laboral.

Ferrol Cidade Inclusiva, atende a persoas en risco de exclusión social elaborando xunto coa persoa atendida un itinerario personalizado de inserción sociolaboral e realizando actuacións como a diagnose individual, o acompañamento sociolaboral, a formación adaptada e a prevención do abandono escolar. Conta cunha traballadora social, unha psicóloga e una orientadora laboral.

En ambos realizarase a prestación do servizo de apoio á inclusión sociolaboral, e dentro deste servizo:

Inclusión básica. Comprende as prestacións de diagnose; deseño; seguimento e avaliación do proxecto de inclusión social e/ou sociolaboral; acompañamento social; accións para a adquisición e/ou fortalecemento das capacidades persoais e sociais incluídas as dirixidas á mellora da administración da economía familiar; o apoio socioeducativo para a adhesión a tratamentos de prescrición facultativa.

Inclusión e transición ao emprego. Comprenderá as prestacións de diagnose; deseño; seguimento e avaliación do proxecto de inclusión social e/ou sociolaboral; acompañamento social; accións para a adquisición e/ou fortalecemento das capacidades persoais e sociais, incluídas as dirixidas á mellora da administración da economía familiar; as accións

promotoras do acceso e permanencia no mercado laboral; a mediación laboral; a prospección e intermediación laboral activa; apoio socioeducativo para a adhesión a tratamentos de prescripción facultativa.

Formación adaptada dos contidos relacionados coas medidas comprendidas nas prioridades transversais da Estratexia de inclusión social de Galicia, nas que se inclúe a formación en alfabetización de coñecementos básicos dixitais, a formación en competencias clave e preparación para as probas para adquisición do título de educación secundaria obrigatoria (ESO) e educación secundaria para adultos (ESA).

Prestación de reforzo socioeducativo para menores. Como prestación independente no marco das dúas seccións do servizo de apoio á inclusión sociolaboral, inclúe o reforzo, orientación e apoio ao alumnado para reforzar a importancia da educación, evitar o abandono prematuro da etapa de escolarización obrigatoria, reducir o absentismo escolar e facilitar a transición entre a educación primaria e a secundaria.

Prestacións do servizo de apoio á inclusión residencial. Este servizo inclúe accións de apoio ás persoas en procesos de inclusión sociolaboral que, debido aos seus baixos ingresos e/ou outros factores de discriminación, teñen dificultades de acceso ou mantemento da estabilidade residencial.

Ambos programas están ubicados nas Instalacións municipais da Rúa Velázquez n.º 44, 5ª planta da Casa Solidaria.

Contacto:

ferrolacolle@ferrol.es

ciidadeinclusiva@ferrol.es